


PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA A PREVENCIÓN DA COVID19

Federación Galega de Dano Cerebral



Índice

1. Introducción.....	3
2. Obxecto e Ámbito de Actuación	3
3. Actuacións a implantar para a reactivación da actividade presencial na sede de FEGADACE.....	3
4. Medidas técnicas e organizativas.....	5
Anexo I. Medidas preventivas a adoptar para o desprazamento ao centro de traballo	7
Anexo II. Medidas preventivas a adoptar á chegada ao traballo	8
Anexo III. Medidas organizativas adoptar dentro das instalacións	9



ELABORA (v1)	REVISA e ACTUALIZA	APROBA	V1	V2	V3
Dirección FEGADACE	Equipo técnico e Xunta Directiva de FEGADACE	Xunta Directiva FEGADACE	25/05/2020	10/06/2020	

Este protocolo está en revisión permanente e actualizarase en canto exista nova evidencia dispoñible ou recomendacións das autoridades sanitarias

1. Introducción

Con este protocolo FEGADACE pretende garantir a prestación dos seus servizos, de maneira que non se poña en perigo a saúde de ningunha das persoas (profesionais e colaboradoras en xeral) fronte á COVID19.

Para manter as actividades e intervencións, FEGADACE debe minimizar o risco de contaxio por SARS-CoV-2. Por iso, e sempre no marco das recomendacións do Ministerio de Sanidade e demais autoridades competentes a nivel estatal e autonómico, ademais do [Plan de Continxencia fronte á COVID19 de FEGADACE](#), que foi implantado a inicios do mes de maio de maneira transversal para as asociacións membro e a federación, actívase este protocolo para garantir a continuidade da misión da federación, dunha maneira segura fronte ao risco de exposición ao SARS-CoV-2.

Este protocolo é elaborado coa información dispoñible na data da súa redacción, pode ser obxecto de cambio e/ou modificacións segundo vaian marcando as necesidades e as autoridades sanitarias en cada momento.

A lectura e cumprimento deste protocolo, así como do Plan de Continxencia fronte á COVID19 de FEGADACE, é obrigatoria para as persoas do equipo, así como para a Xunta Directiva, que poderá propor cambios e melloras, se o considera procedente.

2. Obxecto e Ámbito de Actuación

Este protocolo é de aplicación á sede da Federación Galega de Dano Cerebral, ás profesionais vinculadas á mesma, a xunta directiva da organización e aos principais colaboradores/ grupos de interese.

3. Actuacións a implantar para a reactivación da actividade presencial na sede de FEGADACE

A actividade presencial na sede da Federación Galega de Dano Cerebral, así como a realización de actividades que requiran a súa realización en instalacións alleas (concellos, universidades, centros asociativos, etc.) retomarase de forma gradual, atendendo ás etapas que detalladas a continuación, que poderían sufrir alteracións, en función da evolución da regulación e normativa relacionada coa pandemia da COVID19.

Etapa 1 (1 a 14 xuño)

- Na semana previa (de 25 de maio) a empresa contratada para o servizo de limpeza realizará unha **desinfección profunda**, en base ao protocolo fronte a COVID19 que esa empresa ten establecido e presentou á federación para súa avaliación e aprobación.
- Continuarase **priorizando o teletraballo** para os catro membros actuais do equipo, así como da persoa que se incorpora o 1 de xuño como reforzo para área de proxectos e comunicación.
- Con todo, a partir desta semana, co **obxecto de facilitar o desenvolvemento das funcións que requiran dos equipamentos dispoñibles na oficina**, poderase empezar a acudir á

mesma, en quendas de dúas persoas ao día, como máximo, e previo coñecemento e aprobación da dirección.

- Para establecer quen acude ao centro de traballo, deberase de **informar á dirección para establecer as quendas de traballo presencial**.
- No que respecta **ás actividades de información, sensibilización e divulgación** (charlas en concellos, seminarios, talleres e xornadas pervistas con Facultade de Odontoloxía e SOGARMEF), **recontactarase con todos os axentes coorganizadores** para organizar a súa **reprogramación a partir do 22 de xuño**. De igual xeito, no que respecta á **exposición "Punto e Seguido"**, que se retomará en canto as salas de exposicións contactadas, den o parecer favorable, **fomentando retomas antes da última semana de xuño (29)**.
- Remataranse as **formacións do equipo en Prevención de Riscos Laborais fronte a COVID19**.
- **Reorganizarase o espazo da oficina** de maneira que cada profesional ocupe unha das salas de traballo, asegurando así o mantemento da distancia de seguridade para a etapa na que se incorpore o 100% do cadro de persoal.
- **Finalizarase a adquisición de EPIs (máscaras) e dotación de materiais de desinfección e hixiene** (xeles hidroalcohólicos, instalación de dispensador de parede, xeles desinfectantes de superficies).
- En todo momento se **respectarán as medidas preventivas de carácter organizativo e hixiénico establecidas nos anexos I, II e III** deste documento.
- As **reunións continuarán realizándose telematicamente** e as saídas permitidas serán as necesarias para a adquisición de EPIs e materiais de protección e hixiene diverso, ou outras actividades puntuais e previamente informadas e autorizadas por dirección.

Etapa 2 (15 a 28 xuño)

- Inicio de **traballo presencial en semanas alternas** para o equipo completo, excepto responsable de comunicación que por motivos de conciliación continuará facendo teletraballo e con redución de xornada ata o día 01 de setembro.
- **Semana do 15 ao 19**
 - Traballan presencialmente: Responsable de Proxectos (Adolfo González), Reforzo Proxectos/Comunicación (David Otero) e Traballador Social (Enrique Calvo)
 - Teletraballan: Responsable de Comunicación (Irene Cancelas); Directora (Begoña Hermida)
- **Semana do 22 ao 26**.
 - Traballan presencialmente: Directora (Begoña Hermida) e Reforzo Proxectos/Comunicación (David Otero)
 - Teletraballan: Responsable de Comunicación (Irene Cancelas); Responsable de Proxectos (Adolfo González) e Traballador Social (Enrique Calvo)

Este panel horario poderá sufrir modificacións en función das necesidades do servizo, sempre e cando sexa avaliado e autorizado por dirección e, unicamente respectando as medidas de prevención recollidas nos anexos finais.

- Sempre e cando sexa debidamente coordinado e autorizado polas entidades colaboradoras (concellos, especialmente), **poderían reiniciarse as charlas e sesións informativas sobre DCA**, ás cales se acudirá garantindo que as persoas asistentes cumpren coas medidas preventivas (uso de mascarilla, hixiene de mans e distanciamento social) durante o desenvolvemento das sesións.
- O membro do equipo de FEGADACE que facilite a charla será a persoa responsable de **levar mascarillas e xel hidroalcohólico a cada sesión**, así como de **garantir o cumprimento do aforo** esixido legalmente en función dos locais de realización, e **rexistrar a asistencia** de modo a facilitar o rastreo de contactos no caso de detectarse un caso de COVID19 posterior a esa xornada.

Etapa 3 (29 xuño en adiante)

- O **100% do equipo se incorpora ao traballo presencial**, facilitando a conciliación familiar para quen o necesite, priorizando a responsable de comunicación.
- Con todo, **en función de como evolucione o contexto epidemiolóxico e sanitario global, considerarase a opción de continuar coa modalidade de alternancia de teletraballo e traballo presencial (semanalmente)**, co obxecto de garantir o mantemento da saúde do equipo. E de asegurar persoas de "back-up"/ reserva no caso de que se producira un contaxio.
- A **acción da federación**, aínda que condicionada polo contexto sanitario global e, polo tanto susceptible de sufrir cambios, será **retomada ao 100% aos niveis previos á COVID19**.
- **Continuarán a respectarse as medidas organizativas e preventivas** recollidas tanto nos anexos deste protocolo de actuación, como no Plan de Continxencia marco de FEGADACE e en toda a normativa e regulación vixente sobre a COVID19.
- Retomaranse, segundo programación posible, **as actividades, charlas e sesións informativas e de sensibilización ao 100%**, garantindo sempre o cumprimento das medidas preventivas e organizativas en vigor.
- Retomarse a exposición "Punto e Seguido", nos lugares onde mostren dispoñibilidade, intentando comezar en Santiago, para continuar coas que están confirmadas (Lugo para setembro) e as que foron adiadas (Monforte e Ferrol, inicialmente previstas para xuño e maio, respectivamente)

4. Medidas técnicas e organizativas

Además da reactivación da acción previa á COVID19 nos termos anteriormente descritos, as persoas vinculadas a FEGADACE, adoptarán de maneira transversal e obrigatoria, as medidas que se describen nos anexos I, II e III deste documento.

De igual modo, serán de aplicación transversal as seguintes medidas:

***Protocolo de actuación para a prevención da covid19
na sede da federación galega de dano cerebral***

- Auméntase a **frecuencia de limpeza** externa da oficina pasando a **unha vez por semana (cada luns ao final da xornada)**.
- Ningunha persoa allea ao equipo de profesionais nin á Xunta Directiva terá acceso á oficina ata que a evolución epidemiolóxica da pandemia o permita e isto se constate coa eliminación de restricións recollidas no Plan de Transición cara a Nova Normalidade do Goberno de España.
- Neste sentido, os **provedores externos** (entrega materiais de oficina, envíos, correos, etc.) **serán atendidos na entrada da oficina**, sen pasar da porta de entrada. A persoa que os reciba **gardará a distancia e asegurará o lavado/ desinfección de mans** unha vez reciba os materiais.
- Así mesmo, **pulverizará co líquido desinfectante**, situado na entrada da oficina, os **materiais** que teña recibido. Por último, **lavará as mans e/ou hixienizará con xel hidroalcohólico** antes de volver ao seu posto de traballo.
- A oficina de FEGADACE está ubicada nun edificio de oficinas de diversa índole, por tanto compartido con outras entidades/ empresas, polo que a **adopción de medidas preventivas en espazos comúns** (baños, escaleiras e elevador) **correspóndelle á empresa administradora da finca**. Ante a ausencia de protocolos específicos e comúns por parte da administradora, fanse as seguintes recomendacións para o persoal ou persoas colaboradoras de FEGADACE, para os espazos comúns:
 - Á entrada e saída do edificio evitaráse coincidir con persoas de outras organizacións. No caso de non ser posible, manterase a distancia de seguridade mínima de 2m.
 - Accederase ao edificio e zonas comúns do mesmo sempre con mascarilla.
 - Preferentemente non se utilizará o ascensor e, de facelo, só unha persoa de cada vez.
 - Procurarase non tocar pasamanos, interruptores da luz (son de posición) ou calquera superficie susceptible de estar contaminada.
 - No que respecta á utilización dos baños, considerando que a frecuencia de limpeza por parte da empresa subcontratada pola administradora da comunidade non aumentou, recoméndase facelo de maneira responsable: minimizando todo o posible o contacto coas superficies, e lavando as mans con auga e xabón á entrada e saída do baño.
 - Recoméndase poñer a mascarilla cada vez que se acuda ao baño, prevendo encontrarse con outras persoas.
 - Así mesmo, serán realizadas as copias de chave do baño necesarias para que cada membro do equipo teña a súa propia chave, reducindo así o intercambio destas entre persoas.

Anexo I. Medidas preventivas a adoptar para o desprazamento ao centro de traballo

Vehículo persoal



En canto continúe a situación epidemiolóxica actual (plan de desescalada nacional), o ideal é **NON compartir** o vehículo, pero no caso de ter que facelo, asegúrate de que todas as persoas ocupantes portan máscara cirúrxica ou hixiénica

Tamén lembra realizar **Desinfección do vehículo** cada vez que se utilice

Transporte público



Recoméndase **NON utilizalo** nesta fase de transición á "nova normalidade". De ter que facelo, asegúrate do seguinte:

Distancia de 2 metros entre as persoas que viaxan contigo

Utiliza **máscara** e procura **non tocar ningunha superficie**

Sitúate en **posición diagonal** entre 2 filas de asentos

Que a **duración máxima** dos traxectos non exceda os **60 minutos**

Andando, en Bici ou Moto



Manter unha **distancia de 2 metros** entre as persoas coas que te atopes

Uso obrigatorio de máscara, ao igual que en calquera espazo público, desde o 21/05/2020, no caso de non poder manterse a distancia de **>2m**

Aínda que desde o día 11 de maio de 2020, Galicia se atopa na Fase 1 da transición á "nova normalidade" e os desprazamentos están permitidos tanto para acudir ao traballo, como para a realización de actividades comerciais, sanitarias, e outras de carácter obrigatorio e imprescindible, é recomendable que leves sempre **a documentación que xustifique o desprazamento** ao centro de traballo

Anexo II. Medidas preventivas a adoptar á chegada ao traballo

Acceso ao centro



Accederase á oficina e zonas comúns **por quendas** evitando coincidir mais de unha persoa na entrada e/ou saída



O equipo de profesionais de FEGADACE realizará **control de temperatura no seu domicilio cada día, e non acudirá ao centro no caso de presentar temperatura de 37,5°C ou superior**

Uso de EPIs

Uso obrigatorio de **Máscara**

(se non é posible gardar a distancia mínima de 2m)



NON contacto físico



Non saudar tendo contacto físico (man, abrazo ou bicos)

Manter unha **distancia mínima** de 1,5m- 2m

Xel Hidroalcohólico



Cada profesional disporá de unha botella de xel hidroalcohólico individual. Instalaráse un dispensador para uso común na entrada da oficina.

Hixiene de Mans



Lavar as Mans con xabón antes de iniciar a actividade laboral e durante toda a xornada.

Evita Tocar a Cara


Lembra que debes evitar tocar os ollos, nariz e boca, especialmente se levas luvas, cuxo uso extensivo non se recomenda



Protocolo de actuación para a prevención da covid19 na sede da federación galega de dano cerebral

Anexo III. Medidas organizativas adoptar dentro das instalacións

Manter a Distancia de Seguridade



Redistribución de mesas de traballo de maneira que se garanta a **distancia de seguridade (>2m)**

Priorizar Medios Telemáticos



Para as **reunións e actividades** de calquera índole, que o permitan, continúaase priorizando **medios telemáticos**

Rexistrar asistentes



Rexistrar sempre que persoas **asisten** a actividades presenciais, no caso de seren alleas á federación

Hixienización e desinfección de espazos



Cada profesional disporá de unha **botella pulverizadora con líquido desinfectante de superficies, de uso individual**, para desinfección do seu espazo de traballo durante e ao final de cada xornada de traballo. No caso de contacto con obxectos comúns (cortinas, carpetas, etc,) aplicarase o principio de manter a máxima hixiene de mans (solución hidroalcohólica previa e posteriormente ao contacto) e segundo sexa o material aplicarase xel desinfectante correspondente.

Evitar uso de fontes e máquinas subministradoras



Non se utilizarán botellas de auga comúns. A **cafeteira, quentador de auga e microondas** de uso común deben **de ser desinfectados** despois de cada uso, **por cada persoa**.

Ventilación frecuente



Ventilación de cada sala da oficina, polo menos á chegada e á saída. Duración mínima de **10 minutos**.

Métodos separación física



Disporase de unha **mampara de separación** de espazos, de uso preferente na **zona de recepción da oficina**.

Instalación de Sinaléctica



Colocarase sinais informativos sobre a distancia de 2m na **zona de recepción e na sala de proxectos/ comunicación**

Papeleiras con pedal ou sen tapa



Asegurarase a existencia de **papeleiras de pedal ou sen tapa**, para envitar o contacto cos residuos.

Protocolo de actuación para a prevención da covid19 na sede da federación galega de dano cerebral